1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006419	Montecelo	Pontevedra	2019/2020

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN02	Farmacia e parafarmacia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0101	Dispensación de produtos farmacéuticos	2019/2020	0	213	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÁNGELES JAR PIAY
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Aplica protocolos de dispensación de produtos farmacéuticos, tras interpretar a prescrición ou a demanda.
RA2 - Dispensa medicamentos en relación coas aplicacións terapéuticas e coas condicións de uso.
RA3 - Dispensa produtos farmacéuticos de uso hospitalario tendo en conta os protocolos organizativos do centro hospitalario.
RA4 - Dispensa produtos homeopáticos en relación coas principais aplicacións, as condicións de uso e o efecto producido.
RA5 - Dispensa produtos fitoterapéuticos en relación coas principais aplicacións, as condicións de uso e o efecto producido.
RA6 - Dispensa produtos de uso animal en relación coas principais aplicacións, as condicións de uso e o efecto producido.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Diferenciouse entre dispensación e venda de produtos.
CA1.2 Describíronse os casos en que cumpra remitir a persoa usuaria á consulta médica.
CA1.3 Identificáronse as condicións de dispensación do produto segundo a simboloxía e a lendas que aparezan na cartonaxe.
CA1.5 Comprobouse a necesidade da presentación do documento de prescrición en relación coa dispensación solicitada.
CA1.10 Identificáronse os produtos farmacéuticos e describíronse as súas características.
CA2.1 Relacionouse o medicamento dispensado coa clasificación anatómico-terapéutica.
CA2.2 Identificáronse os principios activos máis representativos en relación coas aplicacións terapéuticas.
CA2.3 Relacionáronse os grupos terapéuticos co lugar de acción, coas principais aplicacións, coas condicións de uso e co efecto producido.
CA2.4 Describíronse os efectos adversos dos fármacos e as situacións de intoxicación por medicamentos.
CA2.5 Describíronse as interaccións farmacolóxicas principais nos fármacos de uso máis habitual.
CA2.6 Describíronse as situacións fisiolóxicas especiais que poidan modificar a resposta esperada tras a administración dun medicamento.
CA2.7 Describíronse as situacións patolóxicas especiais que poidan modificar a resposta esperada tras a administración dun medicamento.
CA2.9 Relacionáronse produtos farmacéuticos con outros similares na súa función, no seu efecto, nas súas características e nas condicións de uso.
CA2.13 Describíronse os riscos da automedicación.
CA3.1 Definiuse a dispensación polo sistema de distribución en doses unitarias (SDMDU).
CA3.3 Describiuse o control hospitalario dos produtos farmacéuticos.
CA3.4 Detalláronse os sistemas de distribución intrahospitalaria de medicamentos.

Criterios de avaliación do currículo
CA3.6 Detalláronse as condicións de prescrición e os requisitos de dispensación segundo os produtos solicitados.
CA4.1 Describíronse os principios homeopáticos.
CA4.2 Sinaláronse as principais accións terapéuticas dos medicamentos homeopáticos.
CA4.3 Interpretouse o significado das notacións das prescricións homeopáticas.
CA4.4 Explicáronse as precaucións e as pautas de uso dos medicamentos homeopáticos, así como as normas para o seu uso racional.
CA4.5 Describíronse as interaccións principais entre fármacos e produtos homeopáticos.
CA4.6 Identificáronse fontes documentais útiles en homeoterapia.
CA5.1 Clasificáronse os principios activos segundo a súa orixe biosintética e describiuse a súa importancia terapéutica.
CA5.2 Describíronse os grupos principais de metabolitos secundarios de interese fitoterapéutico.
CA5.3 Describíronse os procedementos de illamento, identificación e cuantificación de principios activos de plantas medicinais.
CA5.4 Citáronse as plantas medicinais utilizadas para cada patoloxía.
CA5.5 Detalláronse, para cada planta medicinal, as accións farmacolóxicas, o modo de emprego e as contraindicacións.
CA5.9 Explicouse a normativa sobre medicamentos de plantas medicinais.
CA6.1 Definiuse o concepto de medicamento de uso animal.
CA6.2 Describíronse os medicamentos de uso animal máis utilizados en terapéutica.
CA6.3 Sinaláronse as principais accións terapéuticas dos medicamentos de uso animal.
CA6.4 Relacionáronse as precaucións e as pautas de uso de medicamentos de uso animal, así como o seu uso racional.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Aplica protocolos de dispensación de produtos farmacéuticos, tras interpretar a prescrición ou a demanda.
RA2 - Dispensa medicamentos en relación coas aplicacións terapéuticas e coas condicións de uso.
RA3 - Dispensa produtos farmacéuticos de uso hospitalario tendo en conta os protocolos organizativos do centro hospitalario.
RA4 - Dispensa produtos homeopáticos en relación coas principais aplicacións, as condicións de uso e o efecto producido.
RA5 - Dispensa produtos fitoterapéuticos en relación coas principais aplicacións, as condicións de uso e o efecto producido.
RA6 - Dispensa produtos de uso animal en relación coas principais aplicacións, as condicións de uso e o efecto producido.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Identificáronse as condicións de dispensación do produto segundo a simboloxía e a lendas que aparezan na cartonaxe.
CA1.4 Identificouse o tempo de validez do produto, as pautas posolóxicas, as interaccións e as contraindicacións.
CA1.5 Comprobouse a necesidade da presentación do documento de prescrición en relación coa dispensación solicitada.
CA1.6 Interpretouse a prescrición ou demanda do produto farmacéutico noutros idiomas oficiais.
CA1.7 Verificouse a correspondencia entre o produto prescrito e o dispensado canto á composición, a vía de administración e a presentación.
CA1.8 Interpretáronse pautas posolóxicas nos prospectos e na documentación técnica.
CA1.9 Localizouse o medicamento na base de datos correspondente.
CA1.10 Identificáronse os produtos farmacéuticos e describíronse as súas características.
CA1.11 Rexistráronse en soporte informático os datos relativos ao tratamento da persoa usuaria.
CA2.1 Relacionouse o medicamento dispensado coa clasificación anatómico-terapéutica.
CA2.2 Identificáronse os principios activos máis representativos en relación coas aplicacións terapéuticas.
CA2.8 Localizáronse os datos relativos a medicamentos no catálogo de especialidades farmacéuticas.
CA2.10 Utilizáronse programas informáticos de bases de datos de medicamentos.
CA2.11 Verificouse a dispensación evitando os erros por similitude de nome comercial ou de cartonaxe no medicamento.
CA2.12 Informouse a persoa usuaria sobre o medicamento.
CA2.14 Realizouse o servizo personalizado de dosificación.
CA3.2 Seguíronse os protocolos e respectáronse as ordes hospitalarias de dispensación.
CA3.5 Asistiuse á revisión e á reposición das caixas de primeiros auxilios das unidades do hospital.
CA3.7 Verificouse a coincidencia entre o produto e a prescrición canto á súa composición, a súa forma farmacéutica, a vía de administración e a presentación.
CA3.8 Elaboráronse as fichas de dispensación empregando a ferramenta informática establecida.
CA3.9 Formalizouse a documentación e cumpríronse outros requisitos establecidos pola lexislación.
CA4.3 Interpretouse o significado das notacións das prescricións homeopáticas.
CA4.4 Explicáronse as precaucións e as pautas de uso dos medicamentos homeopáticos, así como as normas para o seu uso racional.
CA4.7 Utilizáronse programas informáticos de bases de datos de produtos homeopáticos.
CA4.8 Informouse a persoa usuaria sobre o produto homeopático.
CA5.6 Informouse a persoa usuaria sobre o modo de emprego e as contraindicacións da preparación ou do produto fitoterapéutico.
CA5.7 Identificáronse fontes documentais útiles en fitoterapia e diferenciáronse das que carecen do rigor preciso para seren consultadas.

Criterios de avaliación do currículo
CA5.8 Utilizáronse programas informáticos de bases de datos de plantas medicinais.
CA5.10 Informouse a persoa usuaria sobre o produto fitoterapéutico.
CA6.4 Relacionáronse as precaucións e as pautas de uso de medicamentos de uso animal, así como o seu uso racional.
CA6.5 Localizáronse os datos relativos a medicamentos de uso animal no catálogo de especialidades farmacéuticas.
CA6.6 Utilizáronse programas informáticos de bases de datos de medicamentos de uso animal.
CA6.7 Comprobouse a necesidade da presentación do documento de prescrición en relación coa dispensación solicitada.
CA6.8 Informouse a persoa usuaria sobre o produto de uso animal dispensado, e describíronselle as condicións de uso, a súa aplicación e as contraindicacións.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A/o aspirante deberá dominar os contidos básicos do currículo:

"Diferenciará entre dispensación e venda, coñecerá o acondicionamento de medicamentos, o proceso LADMER, a clasificación anatómico-terapéutica de medicamentos, os grupos terapéuticos, o sistema de distribución de doses unitarias no medio hospitalario, a farmacoloxía e farmacognosia homeopática, o uso terapéutico das plantas medicinais, os medicamentos de uso animal máis habituais na aplicación terapéutica e manexará as diferentes bases de datos de medicamentos e os programas informáticos de xestión".

Isto asegurarase co tipo de probas propostas no apartado 4, onde se especifican os seguintes criterios de cualificación:

As dúas partes da proba son eliminatorias, polo o que os aspirantes somentes accederán á segunda se acadan unha avaliación positiva na primeira.

Para superar a primeira parte da proba é necesario obter, alomenos, 5 puntos no exame test (40 preguntas tipo test de resposta múltiple con catro opcións cada unha delas, puntuándose cada pregunta correcta con 0,25 puntos e restándose 0,125 puntos por cada unha incorrecta) e outros 5 puntos nas dez preguntas a desenvolver (puntuándose cada unha delas cun máximo de 1 punto). A media aritmética das dúas puntuacións (sempre e cando se acade en ámbalas dúas o mínimo esixido) será a nota final desta primeira parte.

A segunda parte da proba será superada se o/a aspirante acada, alomenos, 5 puntos na resolución de dez casos prácticos plantexados por escrito (puntuándose cada un deles de 0 a 1 punto). Todos os aspirantes que superen esta cualificación mínima, pasarán a desenvolver tres simulacros prácticos de dispensación de produtos farmacéuticos, co manexo do programa informático, nos que deben acadar tamén unha puntuación mínima de 5 puntos (cada un deles puntuarase cun máximo de 3,3 puntos). A nota final desta segunda parte da proba obterase coa media aritmética das duas cualificacións (sempre e cando se acade o mínimo esixido en cada unha delas).

A nota final do módulo virá dada pola media aritmética das dúas cualificación finais obtidas en cada unha das dúas partes da proba.

4. Caracteríticas da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio. Consistirá nunha proba escrita de 50 preguntas(40 preguntas tipo test de resposta múltiple, con catro opcións cada unha, e dez preguntas para desenvolver). O tempo total adxudicado para a realización da proba é de 90 minutos.
Para superar esta primeira parte da proba a/o aspirante debe acadar no test un mínimo de 5 puntos, unha vez restadas as respostas erradas, -tendo en conta que cada pregunta errada restará 0,125 e cada pregunta acertada sumará 0,25 puntos- e, nas preguntas curtas, un mínimo de 5 puntos -puntuando ata 1 punto cada pregunta contestada correctamente-.

A cualificación final obterase de facer a media aritmética entre a cualificación do test e a das preguntas, sempre e cando se acade o mínimo esixible en cada unha delas.

* A/o aspirante acudirá a esta proba provisto do seu D.N.I. e bolígrafo de cor negra ou azul.

4.b) Segunda parte da proba

Consistirá na resolución de dez supostos prácticos, por escrito, asignándose un tempo de 60 minutos para a realización da mesma.
Cada un deles valorarase cunha puntuación de ata 1 punto. Se se acadan os 5 puntos regulamentarios, a/o aspirante pasará a desenvolver tres simulacros prácticos de dispensación e venda, co manexo do programa informático, na oficina de farmacia. Cada un dos tres simulacros propostos puntuarase cun máximo de 3,3 puntos e o aspirante deberá obter con estes, alomenos, unha cualificación total de 5 puntos.
A cualificación final desta segunda parte da proba sairá do cálculo da media aritmética entre a puntuación obtida na resolución dos supostos prácticos e a obtida na execución dos simulacros, sempre e cando se acade o mínimo esixido en cada unha delas.

*Para a realización desta proba, a/o aspirante precisará bolígrafo de cor negra ou azul e virá igualmente provisto do seu D.N.I.